

CHOVENDO PEDRAS

1547

Ken Loach, 1993

ESTREA EN NUMAX: 10.07.2025 | V.O.S.E. | 90 min

Bob, traballador en paro, vive coa súa muller Anne e a súa filla Coleen nun barrio pobre do norte de Inglaterra. Aínda que a súa situación económica é moi precaria, fiel ás tradicións católicas, vai facer o necesario para que a súa filla leve un fermoso vestido o día da súa primeira comunión.

O filme terá dúas proxeccións no ciclo 10/10. As espectadoras presentan no que, dentro da celebración do décimo aniversario da cooperativa, convidamos as dez usuarias máis habituais da sala a seleccionar e programar unha película. Neste caso o programador e presentador das sesións é José Víctor Carou que nos escribe sobre Ken Loach:

“Gardo o recordo da impactante impresión que me causaron os primeiros filmes que tiven a oportunidade de ver de Ken Loach na década dos 90, en títulos como “Riff-Raff”, “Ladybird, Ladybird” ou “Chovendo pedras” que retrataban con realismo e crueza as problemáticas da sociedade británica. Teño curiosidade por comprobar se as sensacións e as impresións que experimentei cando era novo seguen aí latentes (...) Profésolle unha enorme admiración ao seu compromiso social, humano e político, e tenme abraiado como Ken Loach, xa octoxenario, continúa activo na primeira liña do realismo social británico en magníficos filmes como “Eu, Daniel Blake” ou “O vello carballo” que, como non podería ter sido doutro xeito, vin sentado nunha butaca de NUMAX, un espazo moi querido que case se converteu na miña segunda casa, onde moitas tardes teño pasado máis horas que na miña sala de estar”



Entrevista con Ken Loach: «O capitalismo converteu en normal o inaceptable»

Por Luis Martínez

Poucos directores poden presentar unha filmografía tan política, tan comprometida coa denuncia da inxustiza, tan longa... E aí segue. O que sucede é que as cousas empeoraron. O capitalismo agora é moito peor. É desalentador comprobar que non aprendemos.

En que sentido empeoraron? O máis relevante é que a solidariedade morreu. Xa non existe como fundamento da sociedade. Por suposto que a un nivel moi local, si que se dá, pero o Estado é cruel e moi agresivo. Todas as institucións que deberían velar pola xustiza social convertéronse en ferramentas para castigar os pobres. Se non podes manterte a ti e á túa familia, es responsabilizado por iso e, en consecuencia, es castigado.

Cando cre que cambiaron as cousas? Xusto despois da guerra, nos anos 50, había unha sensación colectiva de responsabilidade. E iso incluía tanto os empregadores como aos traballadores. Falo do dereito a un salario xusto, dunhas vacacións polo traballo, do servizo de saúde... Desde a enerxía aos medios de transporte eran bens comúns, da sociedade. Non digo que fose o paraíso, pero detrás diso había un concepto e un consenso sobre o que debía ser unha sociedade. Iso, obviamente, foi desmantelado por Thatcher.

Pero Thatcher foi elixida polos británicos... Hitler tamén. Polos alemáns nese caso. Ao que ía é que se a única regra para medir as relacións humanas é a redución de custes para facer máis competitivo un produto iso deriva necesariamente en redución de dereitos. Afórrase sempre polos gastos e considerar un simple gasto ao salario fai que xa ninguén fale do xusto. Esa é a lóxica do sistema.

En varias ocasións dixo que o que se rompeu é o propio concepto de normalidade... Normalizamos o inaceptable. Os bancos de alimentos forman parte da asistencia social. A inxustiza acéptase como parte do sistema. Chegamos a un punto no que se fala de xenerosidade ou de caridade en lugar de simple xustiza. E é responsabilidade de todos rexeitar iso. Non estamos condenados a vivir así, porque non é xusto. Non é normal. O curioso é a linguaxe que emprega un sector da mesma esquerda socialdemócrata que, despois de recoñecer que o que ocorre é inxusto, advirte sobre o perigo dos extremistas. Recoñecen a inxustiza, pero fan o posible para evitar cambiar as cousas.

E, a pesar de todo, non hai entrevista na que non se declare optimista... Conféssoo, non o entendo. (Ri) Si, é certo que todo induce ao pesimismo. A ultradereita está a medrar por todos os lados. Incluída España. Vivimos un tempo complexo e a extrema dereita ofrece respostas sinxelas. Pero, e isto é o importante, falsas. Os nacionalistas populistas de agora son os nacional socialistas de antes. Responsabilizar a inmigración non arranxa nada, pero marca un obxectivo sobre o que desfogarse. A esquerda ten que pensar en como cambiar o sistema. E iso dá máis traballo, esixe máis esforzo e, sobre todo, conta con inimigos moito máis poderosos.

Publicado en elmundo.es